

**CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE DEZ (10) TRABALLADORES/AS, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, AO ABEIRO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS DESEMPREGADAS PARA O FOMENTO DO EMPREGO 2024 (RISGA 2024)**

**PRIMEIRA. Obxecto.**

O obxecto da presente convocatoria é regular as bases do proceso para a selección e contratación laboral temporal de dez (10) traballadores/as, ao abeiro do PROGRAMA MUNICIPAL DE CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS DESEMPREGADAS PARA O FOMENTO DO EMPREGO 2024, de conformidade coa Orde 27 de decembro de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación de risco de exclusión social perceptoras da Renda de Integración Social de Galicia – RISGA (DOG núm. 17, do 24 de xaneiro de 2024).

Os postos de traballo a cubrir son os seguintes:

Nº Traballadores/as	Traballadores/as	Duración (meses)	Xornada (%)
2	Conserxes	9	75%
4	Persoal de limpeza edificios		
4	Persoal limpeza vertedoiros		

As especificacións de cada posto descríbense nos **ANEXOS 3 a 5** das presentes bases.

**SEGUNDA. Requisitos xerais dos/as aspirantes.**

1. Os/as aspirantes deberán reunir e acreditar os seguintes requisitos xerais:

- Ter nacionalidade española, ser perxuízo do disposto no artigo 57 do texto refundido de la Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, respecto ao acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados.

- Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais do posto ao que aspira. Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por ningunha limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións. As persoas con minusvalías deberán aportar certificación do correspondente organismo, facéndoo constar na instancia, sinalando se precisan adaptacións para a realización das probas, e especificando tales adaptacións.
- Ter cumpridos os 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non haber sido inhabilitado, ou en situación equivalente, nin haber sido sometido a sanción disciplinaria, ou equivalente, que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, conforme á normativa vixente.
- Ter a condición de persoa desempregada inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado/a e estar dispoñible para o emprego (artigo 13.d) da Orde do 27 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras).
- Ser perceptor/a da renda de integración social de Galicia (RISGA).
- Ser convocado/a polo Servizo Público de Emprego de Galicia: figurar na sondaxe remitida pola Oficina de Emprego de Lalín, correspondente á oferta pública de emprego presentada polo Concello, na categoría profesional que se pretende optar e coas titulacións e requisitos específicos requeridos.

2. Non poderán participar nesta convocatoria as persoas que estiveran contratadas polo Concello de Lalín, durante un prazo superior de dezoito (18) meses nun período de vintecatro (24) meses, con ou sen solución de continuidade, para o mesmo ou diferente posto de traballo, mediante dous ou máis contratos por circunstancias da produción, sexa directamente ou a través da súa disposición por empresas de traballo

temporal, para os efectos do previsto no artigo 15.5 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, redactado polo apartado tres do artigo primeiro do R.D.-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo («B.O.E.» 30 decembro; Corrección de erros «B.O.E.» 18 xaneiro 2022).

3. Todos os requisitos deberán posuílos os/as aspirantes no momento da selección e conservalos na data de formalización do contrato como persoal laboral temporal do Concello de Lalín.

### **TERCEIRA. Preselección de aspirantes.**

De conformidade co artigo 13.e) da Orde de referencia, para a selección de aspirantes o Concello de Lalín solicitará os traballadores e traballadoras mediante a presentación na oficina de emprego de Lalín da oferta de emprego específica do programa de contratación de persoas beneficiarias da Risga. A selección definitiva das persoas traballadoras realizarase de entre as persoas candidatas que sexan remitidas por dito organismo, non sendo admitido/a ningún candidato/a que non sexa preseleccionado/a e convocado/a polo Servio Público de Emprego.

### **CUARTA. Publicidade.**

1. As bases do proceso de selección estarán a disposición das persoas interesadas na páxina web municipal ([www.lalin.gal](http://www.lalin.gal)) e na sede electrónica do Concello ([www.lalin.sedelectronica.gal](http://www.lalin.sedelectronica.gal)).
2. Os anuncios do procedemento de selección publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello, na sede electrónica e na páxina web municipal.

### **QUINTA. Contido e desenvolvemento do proceso selectivo.**

O proceso de selección dos candidatos/as, unha vez remitidos/as pola Oficina de Emprego, realizarase mediante o desenvolvemento das seguintes fases:

**a) Primeira fase: entrevista persoal (máximo 5 puntos).**

Consistirá na realización dunha entrevista persoal dos candidatos para os efectos de valorar a súa predisposición (actitude, motivación) para o desenvolvemento do posto de traballo que se lle oferta, as competencias (aptitude, capacitación) para dito desenvolvemento, así como a empregabilidade das persoas preseleccionadas pola Oficina de Emprego. A tal efecto o Tribunal fará unha serie de preguntas para valorar dita predisposición e as competencias que se consideran necesarias para acceder ao posto, sendo dous puntos e medio (2,5) a puntuación mínima para pasar á fase de baremación das circunstancias sociais e formativo-laborais. A puntuación máxima da entrevista persoal será de 5 puntos.

Items a valorar	Puntuación máxima
Predisposición: actitude e motivación	1
Competencias: aptitude e capacitación para o posto	2
Empregabilidade	2

As cualificacións desta fase de entrevista adoptaranse sumando as puntuacións outorgadas por cada membro do Tribunal a cada aspirante e dividíndoas polo número total de membros do Tribunal, sendo o cociente resultante a puntuación que obteña o aspirante na entrevista.

**b) Segunda fase: valoración de criterios sociais e formativo-laborais.**

1. Dado o programa do que se trata (contrato temporal de fomento do emprego para desempregados perceptores da Risga), o colectivo ao que vai dirixido e as características especiais de dito colectivo, nesta segunda fase farase unha valoración dos criterios sociais establecidos no art. 13.d) da Orde de referencia, e unha valoración dos criterios formativo-laborais dos candidatos/as.

2. Os criterios valorables serán os seguintes:

2.1. Criterios sociais a ter en conta (ata 14 puntos); art. 13.d) da Orde:

<b>Persoas perceptoras da Risga con proxecto de inserción de carácter laboral</b> (acreditado mediante informe dos Servizos Sociais que solicitaremos desde o servizo de emprego).	<b>2,00 puntos</b>
<b>Maiores de 45 anos.</b>	<b>2,00 puntos</b>
<b>Posuír unha discapacidade maior ou igual ao 33%</b> (acreditada mediante certificación da situación de discapacidade)	<b>1,00 puntos</b>



<p><b>Por ter ao seu cargo fillos e fillas menores de idade ou maiores de dezaoito anos incapacitados, que convivan no domicilio do/a aspirante: 0,5 puntos por cada persoa, ata un máximo de 2 puntos.</b> (Acreditarase mediante a presentación do libro de familia ou partida de nacemento)</p>	<p>Ata un máximo de <b>2,00 puntos</b></p>
<p><b>Por cada ano, a partir do segundo, como perceptor/a de RISGA, contado desde a primeira resolución de concesión ata a data da publicación das presentes bases: 0,25 puntos por ano</b> (acreditado mediante informe dos Servizos Sociais que solicitaremos desde o servizo de emprego).</p>	<p>Ata un máximo de <b>2,00 puntos</b></p>
<p><b>Por estar en idade de prexubilación e faltar menos de 12 meses de cotización para ter dereito á pensión de xubilación no INSS, ou subsidio de maiores de 55 anos. (acreditarase mediante informe de vida laboral)</b></p>	<p><b>2,00 puntos</b></p>
<p><b>Por contar con declaración de familia monoparental, ou estar en proceso de solicitude</b> (acreditarase mediante a Resolución de declaración ou documento acreditativo da solicitude realizada)</p>	<p><b>1,00 puntos</b></p>
<p><b>Non ter participado, en edicións anteriores, no mesmo programa, como beneficiario/a dunha contratación subvencionada</b></p>	<p><b>2,00 puntos</b></p>

## 2.2. Criteriaos formativo-laborais (ata 6 puntos):

Baremo de méritos – máximo 6 puntos	Puntos
<p><b>1. Certificados de profesionalidade.</b> Estar en posesión de algún certificado de profesionalidade directamente relacionado coa ocupación a desenvolver.....<b>0,25 puntos por cada certificado adquirido relacionado co posto.</b></p> <p>Acreditaranse mediante documento xustificativo da consecución do certificado (certificado, diploma ou título acreditativo).</p>	<p>(Máximo <b>1,00 puntos</b>)</p>
<p><b>2. Formación complementaria.</b> Cursos de especialización, formación continua, en materias relacionadas coas funcións do posto convocado.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cursos de 30 a 49 horas .....0,10 puntos (ata un máximo de 1,00 punto)</li> <li>▪ Cursos de 50 a 99 horas .....0,20 puntos (ata un máximo de 1,00 punto)</li> <li>▪ Cursos de 100 a 500 horas .....0,30 puntos (ata un máximo de 1,00 punto)</li> <li>▪ Cursos a partir de 500 horas .....0,50 puntos (ata un máximo de 1,00 punto)</li> </ul> <p>Acreditaranse mediante documento xustificativo da formación cursada (certificación, diploma ou título acreditativo). Só se valorará a formación convocada, impartida ou homologada polas Administracións Públicas, Universidades, Colexios profesionais, Organizacións sindicais e Cámaras de Comercio. Non se valorarán os cursos nos que non se especifiquen as horas de duración ou número de créditos. Cando o documento xustificativo especifique a duración en créditos, salvo que certifique outra cousa, entenderase que 1 crédito equivale a 10 horas e 1 crédito ECTS equivale a 25 horas.</p>	<p>(Máximo <b>2,50 puntos</b>)</p>
<p><b>3. Experiencia profesional.</b> Experiencia en tarefas directamente relacionadas co posto convocado.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 0,10 puntos por cada mes na Administración Pública ou na empresa privada.</li> </ul>	<p>(Máximo <b>2,50</b>)</p>



<p>Acreditarase mediante vida laboral actualizada máis copia do contrato de traballo ou certificado de empresa, copia do contrato de servizos e alta no réxime da Seguridade Social correspondente no caso de traballadores/as autónomos/as ou certificación expedida pola Administración pública na que prestou servizos no caso das traballadores/as públicos/as, facendo constar o posto que desempeñou e o cómputo total de días, meses ou anos traballados.</p>	<p>puntos)</p>
--	----------------

3. A instancia de presentación de méritos, conforme ao modelo que figura no **Anexo 1**, deberá ir acompañada da documentación necesaria para acreditar os criterios sociais e formativo-laborais.

A súa presentación deberá realizarse no Rexistro Xeral do Concello de Lalín, en horario de 9:00 a 15:00 horas, ou mediante a súa presentación na sede electrónica do Concello de Lalín (<https://lalin.sedelectronica.gal>), no prazo de dous (2) días hábiles desde a convocatoria dos candidatos nas dependencias municipais.

#### **SEXTA. Tribunal Cualificador.**

1. O Tribunal encargado da selección estará integrado por cinco (5) membros, coa seguinte composición:

- Presidente/a.
- Secretario/a.
- Tres vogais.

2. De conformidade co disposto no artigo 13.c) da Orde do 24 de xaneiro de 2024, a selección de traballadores e traballadoras que se contraten será realizada pola entidade local beneficiaria.

3. A composición nominal dos membros do Tribunal axustarase ao disposto no artigo 60 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/20215, de 30 de outubro, e aprobarase por Resolución de Alcaldía que publicarse no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal. Na designación de membros terase en conta a paridade entre homes e mulleres.

O Tribunal no poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres



dos seus membros e deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores aos esixidos para o acceso ao posto convocado.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Ley 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo con sinalado no artigo 24 da citada norma.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes todas as dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a valoración dos méritos, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do proceso de selección en todo o que non estea previsto nestas bases. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias así o aconsellen, limitándose os mencionados asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

### **SÉTIMA. Cualificacións e proposta do Tribunal.**

1. Finalizada a fase de entrevista e a valoración dos criterios sociais e formativo-laborais, o Tribunal fará pública a relación provisional de aspirantes que superaron o proceso selectivo, coa cualificación acadada por cada un deles/as.
2. As persoas candidatas disporán dun prazo de dous (2) días hábiles onde as persoas que así o consideren poderán formular as reclamacións oportunas. Transcorridos eses dous (2) días hábiles, procederase a elevar a definitivo dito listado e publicar a acta final de selección.
3. A cualificación final será a resultante da suma das puntuacións obtidas na

entrevista persoal e na valoración dos criterios sociais e formativo- laborais. No caso de producirse un empate entre candidatos/as, dirimirase conforme a: 1º. Maior puntuación nos criterios sociais de preferencia. 2º. Maior puntuación na entrevista. 3º. Maior puntuación na valoración de méritos formativo-laborais. No caso de persistir o empate resolverase mediante unha proba a decidir polo Tribunal.

4. O Tribunal elevará á Xunta de Goberno Local esta relación propoñendo a contratación dos candidatos/as que obtiveran a maior puntuación final.

5. As persoas seleccionadas deberán acreditar, antes da sinatura do contrato, a súa situación como desempleado, mediante certificación do Servizo Público de Emprego.

6. Aquelas persoas seleccionadas que non se presenten o día no que sexan convocados para a sinatura do contrato, agás nos casos de forza maior, non poderán ser contratadas. Neste caso, formularase proposta adicional a favor da persoa candidata que lle siga na orde de puntuación.

7. Cos/as aspirantes que superasen o proceso pero non resultasen seleccionados/as, se os houbera, determinados/as por orde descendente de puntuación, serán propostos/as polo Tribunal, elevando proposta para formar unha lista de reserva para cubrir posibles renuncias, baixas, vacantes temporais ou circunstancias sobrevidas do persoal durante o desenvolvemento do plan.

#### **OITAVA. Incompatibilidades.**

O réxime de incompatibilidades será o previsto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas e no seu Regulamento de desenvolvemento.

#### **NOVENA. Carácter vinculante das bases.**

As bases desta convocatoria vinculan á administración municipal, ao Tribunal cualificador e aos aspirantes que participen no proceso selectivo.

#### **DÉCIMA. Incidencias.**





En base ao establecido no artigo 13.h) da Orde do 27 de decembro de 2023, reguladora da subvención pola que se contratan ás persoas traballadoras obxecto das presentes bases, *“ao tratarse dun programa encadrado no marco das políticas activas de emprego que busca incrementar a empregabilidade das persoas desempregadas, no proceso de selección seguiranse os criterios establecidos polo Servizo Público de Emprego para a cobertura das ofertas de emprego, polo que non será aplicable a normativa establecida para os procedementos de selección do persoal das distintas administracións públicas, incluso cando a entidade promotora sexa un organismo público. Neste último suposto, as persoas traballadoras seleccionadas non se considerarán incluídas nas correspondentes plantillas ou relacións de postos de traballo e, consecuentemente, non será precisa oferta de emprego pública previa”*.

O Tribunal cualificador queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presenta a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA. Réxime xurídico.**

O proceso selectivo regularase polo disposto nestas bases e no non previsto nelas de acordo co establecido na lexislación vixente de aplicación. As bases xerais da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. A Administración local tamén poderá, no seu caso, revisar as resolucións dos tribunais segundo o previsto na citada Lei.

*O Alcalde en funcións*  
José Crespo Iglesias

**ANEXO 1  
INSTANCIA**

<b>INSTANCIA DE PRESENTACIÓN DE MÉRITOS</b> <b>Programa municipal de contratación temporal de persoas desempregadas para o fomento do emprego 2024</b>			
Nome			
Apelidos			
DNI		Data de nacemento	
Enderezo			
Teléfono		Email	

Convocado/a polo Servizo Público de Emprego no proceso de selección do Concello de Lalín para a contratación laboral temporal, por obra ou servizo determinado, de interese social:

Denominación do posto	
-----------------------	--

Aporta a seguinte DOCUMENTACIÓN (marcar o que corresponda):

<input type="checkbox"/> DNI, Tarxeta de identidade	<input type="checkbox"/> Contratos de traballo ou certificado de empresa	<input type="checkbox"/> Vida laboral
<input type="checkbox"/> Proxecto de inserción laboral	<input type="checkbox"/> Maior de 45 anos	<input type="checkbox"/> Cargas familiares

Lalín, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024

Asdo. \_\_\_\_\_ (sinatura)

***AUTORIZA** á Administración actuante para que proceda ao tratamento dos seus datos persoais para o desenvolvemento do proceso selectivo, e á gravación da proba práctica, nos casos que así o estipulen os anexos das bases de selección.*



## Sr. Alcalde do Concello de Lalín

De acordo coa lexislación, europea e española, en Protección de Datos de Carácter Persoal, informamos que os datos por vostede facilitados para a súa participación como aspirante a un proceso selectivo, serán tratados, en calidade de Responsable, polo **CONCELLO DE LALÍN**.

Estes datos utilízanse para a xestión da súa solicitude e posterior participación no proceso selectivo organizado polo **CONCELLO DE LALÍN**. Así mesmo, serán utilizados para a xestión das listas de espera e selección e cesamento de persoal non permanente do **CONCELLO DE LALÍN**, que no seu caso, puidese derivar do devandito proceso selectivo.

Para a consecución da finalidade antedita poderá producirse, chegado o caso, o tratamento de información referente a datos de saúde (% e tipo de diversidade funcional), nos procesos selectivos relativos a quenda de persoas con diversidade funcional, co fin de poder xestionar as adaptacións que vostede nos solicite para participar no devandito proceso, así como comprobar que reúne os requisitos de participación esixidos nas Bases da Convocatoria, e no seu caso a posterior adaptación do seu posto de traballo. Así mesmo, en procesos da quenda para persoas con diversidade funcional e no resto de quendas poderá utilizarse devandito dato de saúde, en relación coa exención de taxas de exame. Tamén poderá utilizarse a información e documentación que presenten os aspirantes para xustificar, no seu caso, se están exentos (total ou parcialmente) do pago da taxa por dereitos de exame, de conformidade co establecido nas ordenanzas fiscais do CONCELLO DE LALÍN que regulan ditas taxas.

O seu nome e apelidos, se foi admitido ou non ao devandito proceso selectivo, o motivo da súa exclusión, os resultados/notas das distintas fases e exercicios do proceso selectivo e a súa nota final, incluíndo a súa situación de aprobado ou suspendido, a valoración dos seus méritos da fase de concurso (se a houbese), a súa orde no resultado dos mesmos, a súa proposta de nomeamento e nomeamento, así como no seu caso, a súa inclusión na lista de espera resultante do proceso selectivo e o seu estado na mesma (activado ou desactivado), poderán ser publicados en:

- O "Taboleiro de Anuncios" do CONCELLO DE LALÍN, conforme establece o artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- No sitio web institucional, de conformidade co establecido pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas"
- E no Boletín Oficial da Provincia.

A publicación dos datos antes mencionados realizarase tanto en relación con procesos de persoal permanente como non permanente, incluíndo aqueles relativos a quendas de persoas con diversidade, cuxas acodes aspirantes coa firma da solicitude de admisión a procesos selectivos (Autoliquidación taxas dereito de exame), consenten expresamente á devandita publicación.

Non entanto, se vostede atópase nunha situación de especial protección (por exemplo vítima de violencia de xénero), e achega a documentación acreditativa da mesma, o seu nome e apelidos, serán encriptados e/ou codificados co fin de preservar a súa seguridade.

A base legal para o tratamento dos seus datos de carácter persoal, coas finalidades anteriormente mencionadas é a firma da solicitude de admisión a procesos selectivos (Autoliquidación taxas dereito de exame) e con iso a aceptación das bases da convocatoria, da que esta base forma parte.

Os datos de carácter persoal achegados por vostede, serán conservados como mínimo o tempo necesario para atender posibles reclamacións e recursos do proceso selectivo. Ud. poderá exercer os dereitos de Acceso, Rectificación, Supresión, Limitación ou, no seu caso, Oposición. A estes efectos, deberá presentar un escrito no Rexistro de Entrada, electrónico ou presencial, do CONCELLO DE LALÍN. No escrito deberá especificar cal destes dereitos solicita sexa satisfeito e, á súa vez, deberá mostrar ou, en caso de envío postal, acompañar a fotocopia do DNI ou documento identificador equivalente. No caso de que actuase mediante representante, legal ou voluntario, deberá achegar tamén documento que acredite a representación e documento identificador do mesmo. Así mesmo, en caso de considerar vulnerado o seu dereito á protección de datos persoais, poderá interpor unha reclamación, en primeiro lugar, ante o noso Delegado de Protección de Datos: [dpd@lalin.gal](mailto:dpd@lalin.gal) ou, no seu caso, ante a Axencia Española de Protección de Datos (<http://www.aepd.es>).



**ANEXO 2**

**DECLARACIÓN XURADA**  
**Programa municipal de contratación temporal de persoas desempregadas**  
**para o fomento do emprego 2024**

<b>Nome</b>			
<b>Apelidos</b>			
<b>DNI</b>		<b>Data de nacemento</b>	
<b>Enderezo</b>			
<b>Teléfono</b>		<b>Email</b>	

Convocado/a polo Servizo Público de Emprego no proceso de selección do Concello de Lalín para a contratación laboral temporal, por obra ou servizo determinado, de interese social:

<b>Denominación do posto</b>	
------------------------------	--

**DECLARA:**

- Reunir os requisitos sinalados nas bases reguladoras do proceso de selección, que declara coñecer.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto, non padecer enfermidade nin estar afectado/a por ningunha limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparme en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario/a do que estivese separado/a ou inhabilitado/a. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparme inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ser sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no meu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- Non estar incurso/a en ningunha das causas de incompatibilidade do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas determinadas pola lexislación vixente.

Así mesmo, **AUTORIZA** á Administración actuante para que proceda ao tratamento dos seus datos persoais para o desenvolvemento do proceso selectivo.

Lalín, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024

Asdo. (sinatura)

### ANEXO 3 SELECCIÓN CONSERXES

#### Características do posto:

- Denominación e número de postos: **2 conserxes.**
- Tipo: **persoal laboral temporal.**
- Modalidade contractual: **contrato laboral temporal, vinculado a programas de políticas activas de emprego.**
- Xornada laboral: **75% da xornada (26,25 horas/semanais).**
- Duración do contrato: **9 meses.**
- Retribución mensual: **992,25 euros brutos mensuais** (incluída a prorrata das pagas extraordinarias).

#### Obra ou servizo a desenvolver:

**Labores auxiliares de conserxería en edificios municipais.**

#### Funcións a desenvolver:

Entre outras:

- Apertura e revisión das dependencias das instalacións.
- Revisión e comprobación do correcto estado das dependencias municipais.
- Control de accesos.
- Mantemento do orden nas instalacións municipais.
- Comunicar, á persoa de contacto designada polo Concello, danos, anomalías ou necesidades detectadas.
- Vixilancia e custodia dos edificios e as súas instalacións.
- Revisión e peche das instalacións unha vez finalizadas as actividades.
- Calquera outra función relacionada co posto.



## ANEXO 4 SELECCIÓN PERSOAL DE LIMPEZA EDIFICIOS

### Características do posto:

- Denominación e número de postos: **4 peón de limpeza.**
- Tipo: **persoal laboral temporal.**
- Modalidade contractual: **contrato laboral temporal, vinculado a programas de políticas activas de emprego.**
- Xornada laboral: **75% da xornada (26,25 horas/semanais).**
- Duración do contrato: **9 meses.**
- Retribución mensual: **992,25 euros brutos mensuais** (incluída a prorrata das pagas extraordinarias).

### Obra ou servizo a desenvolver:

**Labores auxiliares de limpeza en edificios municipais.**

### Funcións a desenvolver:

Entre outras:

- Limpeza das instalacións municipais.
- Calquera outra función relacionada co posto.

## ANEXO 5 SELECCIÓN PERSOAL LIMPEZA VERTEDOIRO

### Características do posto:

- Denominación e número de postos: **4 peóns de limpeza vertedoiros.**
- Tipo: **persoal laboral temporal.**
- Modalidade contractual: **contrato laboral temporal, vinculado a programas de políticas activas de emprego.**
- Xornada laboral: **75% da xornada (26,25 horas/semanais).**
- Duración do contrato: **9 meses..**
- Retribución mensual: **992,25 euros brutos mensuais** (incluída a prorrata das pagas extraordinarias).

### Obra ou servizo a desenvolver:

#### **Labores auxiliares de limpeza en vertedoiros incontrolados**

### Funcións a desenvolver:

Entre outras:

- Limpeza e clasificación de vertedoiros incontrolados existentes no territorio municipal.
- Selección e clasificación de residuos.
- Traslado de residuos ao punto de recollida.
- Calquera outra función relacionada co posto.